


↑ Segundo premio (Isaki Lacuesta/Poi Rodriguez) ESTRENA 24 DE MAIO

NUMAX PRESENTA:

77 | MAIO 2024

Letras Galegas 2024

Luisa Villalta




As chaves do tempo
Luisa Villalta
CUARTO DE INVERNO | 15 €




Luisa Villalta.
Alma de violino
Eli Ríos e Beatriz Maceda
XERAIS | 15,50 €



O outro lado da música
Luisa Villalta
GALAXIA
22,95 €



Así vou eu, formando parte
Luisa Villalta
CHAN DA PÓLVORA | 18 €



Abonda con vivir
Montse Dopico
XERAIS | 12,95 €



Un ruído provocado(r). Voces arredor de Luisa Villalta
Montse Pena Presas e Mercedes Queixas Zas (coords).
LAIOVENTO | 16,95 €

FOTO: Santos Díez e Eduardo Casaró. Bai cunha licenza CC BY-SA 3.0.

Estamos na
FEIRA DO LIBRO DE SANTIAGO

Do 02 ao 05 de maio na Alameda. Caseta 11

Descontos do 10% en todos os libros

Presentacións | Maio 2024

MÉRCORES 8 | 19.30

Presentación do poemario *Tu existe* (La uña RoTa) de **Luz Pichel** acompañada pola poeta **Branca Novoneyra**.

VENRES 10 | 20.30

Presentación do cómic *Mis agendas semanales* (Apa apa) de **Pepa Prieto** acompañada polo xornalista **Anxo F. Couceiro**.

MÉRCORES 15 | 20.00

Presentación de *Las costuras del guiñón* (Tris Tram Editorial) de **Daniel Domínguez** coa presenza de **Carlos Amil, Teresa Domínguez e Pepe Coira**.

MÉRCORES 22 | 19.00 |

▲ en aCafé
(Praza de San Fiz de Solovio)

Presentación de *Entorno* de **Claudia Polo** (Destino) acompañada pola poeta **María Sánchez**.

MÉRCORES 22 | 20.00

Presentación de *La Mancha* (Plaza & Janés) de **Enrique Aparicio** acompañado do poeta **Ismael Ramos**.

VERNES 24 | 20.00

Presentación do ensaio *Metafísica de la pereza* (Ned Ediciones) de **Juan Evaristo Valls Boix** acompañado do filósofo **Delmiro Rocha**.

MÉRCORES 29 | 20.00

Presentación do ensaio *Arquitectura sin Naturaleza* de **Timothy Morton** (Bartlebooth).





A cor das
palabras
2024

Encontros
con cineastas

José Luis Guerin

Sobre a
restauración de
Tren de Sombras

Sábado 4 de maio | 12:00
Cinema NUMAX

Foto Eduardo Hermida

Organiza:



Colabora:



Films59.




**A
ALDEA
DES-
MEDIDA**

Librería
NUMAX
23/05/24 | 20.30

**02. Jorge Guitián
Claudia Polo**

**A CIDADE
COMIDA**



NUMAX

Ma OS

Deputación
DA CORUÑA



Cinema

**Filme
do mes:**



OMAL NON EXISTE

ESTREA 2 MAI

Ryūsuke Hamaguchi, 106',

XAP, VOSE, +12

Con Hitoshi Omika, Ryo Nishikawa Takumi e a súa filla, Hana, viven nunha vila próxima a Toquio. A súa vida verase profundamente afectada cando descubren que preto da súa casa se vai construír un glamoroso camping para que os habitantes da

cidade fagan escapadas cómodas á natureza. O gañador do Oscar con *Drive My Car* volve cativarnos co seu hipnótico cinema e un dos guións máis sorprendentes e imprevisibles da tempada.

🏆 Premio FIPRESCI e Gran Premio do Xurado Venecia 2023



Estreas



MÚSICA ESTREA 3 MAI

Angela Schanelec, 108', DE, VOSG, +12
Con Aliocha Schneider, Agathe Bonitzer

Abandonado ao nacer nas montañas gregas unha noite de treboada, Jon é acollido e adoptado. De mozo, coñece a Iro, unha celadora da prisión onde está encarcerado tras un trágico accidente mortal. Parece buscar a súa presenza, cóidao e grava música.

🏆 **Mellor Guión Berlinale 2023**



NINA ESTREA 10 MAI

Andrea Jaurrieta, 105', ESP, VO
Con Patricia López Arnaiz, Darío Grandinetti

Nina decide volver á vila costeira onde medrou, cunha escopeta no bolso e un obxectivo: vingarse de Pedro, un famoso escritor ao que a vila rende agora homenaxe. O reencontro co seu lugar de orixe e cos recordos do pasado fanlle reconsiderar se a vinganza é a súa única opción.

🏆 **Premio da Crítica Málaga 2024**



ATAA FINDO MUNDO ESTREA 10 MAI

Viggo Mortensen, 129', ING, VOSE
Con Vicky Krieps, Viggo Mortensen

Estados Unidos, 1860. Vivienne Lle Coudy é unha muller independente que se embarca nunha relación co inmigrante danés Holger Olsen. A Guerra de Secesión sepáraos cando Holger decide loitar pola Unión e deixar a Vivienne á súa sorte nun lugar controlado polo corrupto alcalde Rudolph Schiller.



AS NEVES ESTREA 17 MAI

Sonia Méndez, 83', GAL, VO, +12
Con Andrea Varela, David Fernández

As Neves é unha vila galega de montaña onde todos se coñecen. Na noite de Entroido un grupo de adolescentes celebran unha festa e dróganse con cogomelos por primeira vez. Ao día seguinte espertan cun temporal de neve e a noticia de que Paula, unha das mozas do grupo, desapareceu.




SEGUNDO PREMIO ESTREA 24 MAI

Isaki Lacuesta / Pol Rodríguez, 109', ESP, VO, +16

Granada, finais dos 90. En plena efervescencia artística e cultural, un grupo de música indie vive o seu momento máis delicado. O cantante enfróntase a un complicado proceso de escritura e gravación do seu terceiro disco. Ninguén sabe que ese disco cambiará para sempre a escena musical de todo o país.

🏆 **Mellor Filme, Dirección e Montaxe Málaga 2024**



FURIOSA: DA SAGA MAD MAX ESTREA 31 MAI

George Miller, 143', ING, VOSE

Con Anya Taylor-Joy, Chris Hemsworth

Ao derrubarse o mundo, a moza Furiosa é arrebatada do Lugar Verde de Moitas Nais e cae en mans dunha grande Horda de Motoristas. Furiosa deberá superar moitas probas mentres reúne os medios para atopar o modo de volver a casa mentres os tiranos loitan por se facer co poder.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2024**

Feitizo de Bulle Ogier



L'AMOUR FOU PASE ÚNICO 9 MAI

Jacques Rivette, 254', FR, VOSE, 1979

Con Bulle Ogier, Jean-Pierre Kalfon

Sébastien é un director de teatro que dirixe unha versión da traxedia grega Andrómaca, de Jean Racine. Durante os ensaios, a relación coa súa muller, que interpreta o papel protagonista, comeza a deteriorarse, sobre todo cando debe reemprazala na obra por unha antiga amante.



AS TOLAS VIAXES DE CÉLINE E JULIE PASE ÚNICO 23 MAI

Jacques Rivette, 192', FR, VOSE, 1974

Con Juliet Berto, Bulle Ogier

Próxima á tradición de contos infantís, o filme narra as relacións entre a bibliotecaria Julie e Céline, unha descoñecida que atopa nun parque e como esta introduce a primeira nunha historia entre realidade e fantasía que se desenvolve nunha gran mansión na que vive un viúvo, a súa filla e dúas mulleres.

Foco Pere Portabella, cineasta e produtor

TREN DE SOMBRAS

PASE ÚNICO 4 MAI

José Luis Guerín, 88', ESP, VO, 1997
Con Anne Céline Auché, Juliette Gautier

🏆 Premio da Crítica Sitges 1997

📍 Presentación e coloquio co director

LOS GOLFOS

PASE ÚNICO 7 MAI

Carlos Saura, 82', ESP, VO, 1960
Con Manuel Zarzo, Óscar Cruz

🏆 Sección Oficial Cannes 1960

EL COCHECITO

PASE ÚNICO 14 MAI

Marco Ferreri, 86', ESP, VO, 1960
Con José Isbert, Pedro Porcel

🏆 Premio da Crítica Venecia 1960

VAMPIR, CUADRECUC + MIRO L'ALTRE + ACCIÓN SANTOS

PASE ÚNICO 21 MAI

Pere Portabella, 66' + 15'
+ 12', ESP/CAT, VO, 1969-1973

EL SOPAR + MUDANZA 21 PASE ÚNICO 28 MAI

Pere Portabella, 54' + 21', ESP/CAT, VO,
1974 / 2008

UMBRACLE

PASE ÚNICO 30 MAI

Pere Portabella, 85', ESP, VO, 1972
Con Christopher Lee, Jeannine Mestre

📍 Presenta o historiador e programador José Manuel Sande

Os ollos verdes



📍 Presentación e coloquio
co director



📍 Presentación e coloquio
co director

O AUTO DAS ÁNIMAS

PASE ÚNICO 3 MAI

Pablo Lago, 75', GAL, VO

A convivencia cos rituais de elaboración da augardente provocarán en Alicia un reencontro co seu pasado. Un pasado que encherá a súa casa de fantasmas, buscando a súa redención por medio dos fogos e vapores da destilación, mentres recordan a Alicia que o presente xa non lle pertence.

UNHA IMAXE É TAMÉN OUTRA IMAXE

PASE ÚNICO 6 MAI

Xacio Baño, 53', GAL, VO

A partir do Premio NUMAX Exhibición outorgado na última edición do Festival Intersección a «Non te vexo» (2023), organizamos unha sesión programada e presentada por Xacio Baño composta por «Augas abisais» (2020), «Contra o inverno» (2023) e «Platónico, platónica» (2024).



UN SOL RADIANT

PASES ÚNICOS 13 E 20 MAI

Mònica Cambra / Ariadna Fortuny, 79', CAT, VOSE
Con Laia Artigas, Núria Prims

Mila, de once anos, enfróntase aos derradeiros días de vida antes da fin do mundo. Mentres loita por comprender a complexidade da morte tamén tenta manter unida a súa familia celebrando unha festa que ten lugar o último día da vida na terra.

Pases Especiais



TRES DUELOS PASE ÚNICO 3 MAI

José Luis Guerin, 47' + 9' + 5', ESP, VO

Na súa visita a NUMAX, José Luis Guerin programa e presenta unha sesión titulada «Tres duelos» que inclúe tres das súas últimas creacións: «Recuerdos de una mañana», «Carta nº3: Correspondencias con Jonas Mekas» e «For Heddy» (2020).



O HOME TRANQUILO

PASE ÚNICO 15 MAI

John Ford, 129', ESP, VOSE, 1952

Con John Wayne, Maureen O'Hara

Sean Thornton regresa a Irlanda para recuperar a súa granxa e esquecer o seu pasado. Alí namora de Mary Kate Danaher, unha moza moi temperamental, aínda que para conseguila deberá loitar contra os costumes locais.

i Presenta Pepe Coira



POR UNHA PALESTINA LIBRE

PASE ÚNICO 16 MAI

VV.AA., 63', ÁR, VOSG

En colaboración co proxecto Another Screen, ofrecemos unha selección de curtametraxes que, desde unha óptica feminista, reclaman a liberdade para o pobo palestino. A recadación da sesión será destinada a esta entidade para o apoio médico e legal do pobo palestino.



A ESMORGA

10º ANIVERSARIO | PASE ÚNICO 25 MAI

Ignacio Vilar, 107', GAL, VO, 2014

Con Miguel de Lira, Karra Elejalde

No seu décimo aniversario recuperamos a adaptación do clásico de Eduardo Blanco Amor, crónica intensa de 24 horas de soldra de tres amigos que van deixando un regueiro de sexo reprimido e destrución.

i Presentación e coloquio co director






NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

   Síguenos en @numaxcoop

AAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**
